

PROGRAMACIÓN ANUAL DE AULA

MESTRA: M^a Cristina Lage Villar

Especialidade: EDUCACIÓN PRIMARIA

Curso Académico: 2021-2022

Datos da Programación:

- **Áreas:** MATEMÁTICAS, LINGUA GALEGA, LINGUA CASTELÁ, CIENCIAS NATURAIS E CIENCIAS SOCIAIS.
- **Nivel:** 3º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

ÍNDICE

1. GLOSARIO.....	páxina 3
2. CONTEXTO SOCIOEDUCATIVO.....	páxina 5
3. CURRÍCULUM POR MATERIAS.....	páxina 10
4. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.....	páxina 11
5. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	páxina 19
6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	páxina 20
7. AVALIACIÓN.....	páxina 23
8. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.....	páxina 25
9. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	páxina 27
10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	páxina 28
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	páxina 30
12. REFERENCIAS NORMATIVAS.....	páxina 31
13. ADDENDA COVID.....	páxina 32
14. SOLICITAR ANEXOS.....	páxina 35

1. GLOSARIO.

Son moitos os conceptos que poden definir unha programación didáctica. A continuación preséntanse só algúns que poden completar o traballo presentado a continuación.

- Autoavaliación: proceso mediante o cal o estudante aprende e participa na súa propia avaliación.
- Aprendizaxe cooperativo: enfoque interactivo da aprendizaxe baseado na formación de grupos de traballo típicamente de tres a cinco estudantes. Os/as estudantes/as deben traballar conxuntamente para maximizar a súa propia aprendizaxe e o dos seus/súas compañeiros/as, de modo que existe unha corresponsabilidade para acadar as metas grupais.
- Capacidade: conxunto de coñecementos, destrezas e aptitudes cuxa finalidade é a realización de actividades definidas e vinculadas a unha determinada profesión.
- Competencias clave: defínense como competencias que teñen unha función instrumental isto é, que serven como mediadoras para fins que van máis aló da resolución dunha determinada tarefa.
- Coordinación: articulación dos recursos humanos para conseguir de maneira máis eficaz e eficiente un determinado propósito de traballo nunha organización.
- Criterios ou estándares de avaliación: construcións de referencia que permiten asignar un valor a unha execución, de acordo aos obxectivos e ao marco psicopedagóxico de referencia.
- Avaliación: proceso de recopilación, análise e interpretación de información relevante dirixido a describir unha determinada realidade e a emitir un xuízo de valor sobre a súa adecuación a un referente preestablecido.
- Habilidade: nivel de destreza que amosa un suxeito no momento de realizar unha tarefa determinada.
- Instrumento de avaliación: ferramenta que se utiliza para recoller e rexistrar a información necesaria para determinar o nivel de logro das aprendizaxes do alumnado,, pero que ademais pode servir para retroalimentar o proceso de ensino/aprendizaxe.
- Metodoloxía didáctica: conxunto coherente de estratexias e técnicas para promover de maneira eficaz o ensino/aprendizaxe dunha determinada disciplina, asignatura ou materia.
- Motivación: desexo voluntario, interno ou externo, que teñen as persoas para mobilizarse cara a consecución dunha actividade determinada.

- Obxectivo: declaración que describe de forma clara e unívoca o resultado que se pretende acadar mediante unha acción formativa.
- Planificación: proceso continuo e unitario que comeza co desenvolvemento de obxectivos, define estratexias para conseguilos e establece plans coherentes coas anteriores decisións; isto é, decide por adiantado cuestións como: que se fará?, como se fará?, quen o fará?. Pero tamén incorpora mecanismos de control que permiten as adaptacións necesarias que as novas realidades impoñan.
- Programación: designa o conxunto de procedementos e técnicas que permiten establecer, relacionar e concretar cronolóxicamente, espacial e técnicamente o conxunto de actuacións dirixidas ao logro de determinadas metas. É a operativización da planificación, na medida que concreta as finalidades, especifica accións e recursos e sobre todo establece a temporalización.
- Unidade Didáctica: proposta operativa de ensino/aprendizaxe na que se divide un programa formativo. Ten unidade, principio e fin e permite desenvolver unha secuencia organizada de ensino/aprendizaxe para o logro dunha parte dos obxectivos do programa. Calquear programa formativo pode/ debe dividirse en unidades didácticas.

2. CONTEXTO SOCIOEDUCATIVO.

A programación de aula que propoño atópase dirixida ao alumnado do 3º curso de Educación Primaria e refírese, baixo unha perspectiva globalizadora e interdisciplinar, ás áreas de Matemáticas, Lingua Castelá, Lingua Galega, Ciencias Naturais e Ciencias Sociais. A programación do resto de materias do curso desenvólvese nas programacións dos respectivos especialistas, a mestra de Educación Física (que imparte tamén Valores Sociais e Cívicos), a mestra de Educación Artística e a mestra de Lingua Extranxeira (Inglés).

O elemento motivador desta programación constitúeo o coñecemento, a comprensión e a reflexión sobre a realidade próxima e non tan próxima, tanto no tempo coma no espazo. A partir de aquí trabállaranse os contidos das distintas áreas mencionadas. Neste marco de coñecementos é clave sinalar o papel dos *contidos transversais* que, ao longo de tódalas áreas estruturais, contribúen ao desenvolvemento integral da personalidade do alumnado. Algúns destes contidos son: educación para a paz, educación medioambiental, educación para o lecer, educación para a saúde, educación para a igualdade entre rapaces e rapazas, homes e mulleres, etc. Para o desenvolvemento deste contidos téñense en conta, ademáis dos criterios establecidos pola Administración Educativa, outros plans, programas e recursos específicos propios doutros ámbitos da Administración Pública, como a Consellería de Emprego e Igualdade.

2.1. O centro.

O centro educativo no que se levará a cabo esta programación sitúase na provincia de A Coruña, nun Concello da Costa da Morte, o Concello de Laxe, duns 3.500 habitantes. Laxe é un pobo tranquilo e alegre, cuio maior atractivo é unha praia de 2 km de extensión que se sitúa no centro do pobo.

Este Centro Educativo é un C.P.I., e por tanto, contempla as etapas de Educación Infantil, Primaria e Secundaria. Dispón de catro aulas de Educación Infantil, sete de Primaria e 4 de Educación Secundaria (221 nenos e nenas, e mozos e mozas).

En xeral, acostumábase a facer un uso moi frecuente das instalacións comúns do centro, a biblioteca, a sala de informática, a aula de música, a aula de usos múltiples, o comedor, etc. Non obstante, debido á situación de pandemia mundial provocada polo COVID 19, o uso común de instalacións e materiais está moi condicionado e vese infrautilizado.

A xornada escolar é partida, de 09,30 a 12,50 e de 14,50 a 16,30 horas.

O persoal docente na etapa de primaria está formado polos/as profesores/as, titores/as e especialistas de Educación Física, Música, Idioma Estranxeiro, Audición e Linguaxe (figura compartida con dous centros) e Pedaxogía Terapéutica.

A aula na que se desenvolverá a programación é unha aula que está moi ben iluminada e aberta ao exterior e ao contorno a través dunha ampla paisaxe, o que permite unha axeitada ventilación, tal como se establece no protocolo COVID 19.

O material preciso para o desenvolvemento da programación queda recollido en dous armarios e o resto de ferramentas coas que contamos son unha pizarra dixital, unha pizarra tradicional e dous corchos que nos permiten visualizar a normativa COVID 19, na escola.

2.2. Alumnado.

O grupo-clase está formado por 15 rapaces e rapazas de entre 7 e 9 anos de idade. Así pois, o período de idade correspondente ao 3º curso de Educación Primaria, caracterízase por unha serie de trazos evolutivos que afectan o desenvolvemento socioafectivo e intelectual dos nenos e nenas.

Características físicas.

- Propensión a enfermidades infecciosas.
- Acostuma a adelgazar; é moi importantes que coma ben e esté activo/a.
- Reacciona co seu corpo: atravesa tódalas emocións e pasa do llanto á risa, da serenidade á violencia, do cariño á indiferencia con moita facilidade.
- Acostuma ser moi activo/a. Necesita saltar, correr, resbarar, caerse, etc.

Características intelectuais.

- Non posee unha visión global da realidade nin relaciona as partes co todo.
- As súas ideas baséanse en experiencias tanxibles e en feitos concretos.
- Amplian progresivamente o seu vocabulario, o que lle permite ir profundizando no pensamento abstracto.
- Observa e investiga todo o que o/a rodea.
- As rabiets son substituídas por discusións.
- Acostuma mesturar ideas imaxinarias con datos da realidade, pero pouco a pouco vaise aclarando: o rato Pérez xa non é tan rato Pérez... e os Reis Magos se parecen máis a mamá e papá...

Características afectivas.

- A intimidade persoal cobra cada vez máis protagonismo. Respeto os seus lugares, esconde tesouros, ten as súas pertenzas.
- Hai un maior asentamento da súa personalidade.
- Imita ás persoas que lle amosan afecto. Xoga a cumprir cos roles que admira: mamá, papá, a doutora, a mestra ou mestre...

Desenvolvemento social.

- A escola desenvolve a vida social, xera grupos dentro do grupo de iguais,
- Despértase a necesidade de ter amigos/as: comparte as súas pertenzas e é cada vez máis leal co grupo.
- É a idade típica das comparacións (especialmente, cos irmáns e irmás ou cos amigos e amigas). O/a neno/a non se fixa no alto que é el ou ela senón en quen é o/a máis alto/a da clase. A competitividade comeza a cobrar moito protagonismo.

2.3. Obxectivos.

Os **obxectivos** de 3º de Educación Primaria estarán encamiñados ao logro da adquisición, por parte deste alumnado, das capacidades que lle permitan:

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática, que se ve reflexada nun pobo onde a inmigración e a diversidade cultural cobra cada vez máis protagonismo.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona. Un pobo pequeno coma Laxe, onde todo o mundo se coñece, permite xerar un ambiente colaboración e apoio mutuo entre a veciñanza que permite un desenvolvemento máis seguro e autónomo na infancia.

- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade. Neste eido cabe destacar que en Laxe pervive un modelo sociocultural caracterizado polo patriarcado, polo que o traballo no ámbito da igualdade de xénero debe cobrar un especial protagonismo.
- Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura. Laxe conta cunha pequena biblioteca que non se usa demasiado, polo que dende o centro e dende esta programación son diversas as actividades que se desenvolverán empregando este espazo a fin de achegalo á infancia e mocidade.
- Adquirir polo menos nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos a situacións da súa vida cotiá.
- Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas. Laxe é un lugar cun patrimonio natural excepcional que se ve ameazado pola acción do turismo e, neste momento concreto, pola ameaza medioambiental que supoñen os Parques Eólicos, aspecto que se traballa dende o centro de xeito multidisciplinar.
- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora. Neste aspecto, cabe sinalar este centro conta co programa E-Dixgal, que está a resultar bastante deficitario polo que, de cara ao futuro, barállase o seu abandono. Tendo isto en conta, este curso traballaranse outras moitas ferramentas encamiñadas ao descubrimento de novas plataformas.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais. O noso centro conta este ano coa colaboración de Laura Tova, unha pintora dunha localidade veciña que nos dá a oportunidade de colaborar co seu traballo nunha das paredes da escola.
- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e aprender a coidar o propio corpo e o da outra xente, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios

para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Laxe conta co importante e maravilloso recurso do “Camiño dos Faros”, unha serie de rutas que ademais de permitir coñecer a contorna próxima en profundidade, formenta un estilo de vida saudable vinculado ao sendeirismo e ao coñecemento e conservación do medio ambiente.

- Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Autónoma de Galicia, e concretamente na localidade de Laxe, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado. Laxe conta con especies moi características como a “píllara das dunas” que requiren dun coidado e preservación que implica a toda a comunidade.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas. Como sinalaba anteriormente, nesta sociedade e, por tanto, en Laxe, seguen a pervivir unha serie de modelos de conducta machistas fundamentados nun modelo de vida patriarcal. Dende a escola de Laxe, son varias as metras e metres que traballan desde a perspectiva de xénero a fin de facer desaparecer uns estilos de comunicación e relación que dificultan a paz e a resolución de conflitos.
- Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico. Laxe é unha vila pequena onde a presenza de tráfico é moi pouca, non obstante, hai hábitos de conduccións incívicos que se traballan de forma explícita coas nenas e nenos a fin de erradicar comportamentos de risco.

3. CURRÍCULUM POR MATERIAS.

En cada unha das áreas curriculares, os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe aparecen organizados en bloques. Os bloques de contido das materias comprendidas nesta programación son os seguintes.

A área de Lingua Galega:

- **Bloque 1.** Comunicación oral: falar e escoitar.
- **Bloque 2.** Comunicación escrita: ler.
- **Bloque 3.** Comunicación escrita: escribir.
- **Bloque 4.** Coñecemento da lingua.

A área de Lingua Castelá:

- **Bloque 1.** Comunicación oral: falar e escoitar.
- **Bloque 2.** Comunicación escrita: ler.
- **Bloque 3.** Comunicación escrita: escribir.
- **Bloque 4.** Coñecemento da lingua.
- **Bloque 5.** Educación literaria.

A área de Matemáticas:

- **Bloque 1.** Procesos, métodos e actitudes en matemáticas.
- **Bloque 2.** Números.
- **Bloque 3.** Medida.
- **Bloque 4.** Xeometría.
- **Bloque 5.** Estatística e probabilidade.

A área de Ciencias Naturais:

- **Bloque 1.** Iniciación á actividade científica.
- **Bloque 2.** O ser humano e a saúde.
- **Bloque 3.** Os seres vivos.
- **Bloque 4.** Materia e enerxía.
- **Bloque 5.** A tecnoloxía, obxectos e máquinas.

A área de Ciencias Sociais:

- **Bloque 1.** Contidos comúns.
- **Bloque 2.** O mundo en que vivimos.
- **Bloque 3.** Vivir en sociedade.
- **Bloque 4.** As pegadas do tempo.

4. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

4.1. Lingua galega.

1º Trimestre.

O alumnado realizará distintas tarefas de comunicación oral, competencia lectora e escritura, e completará fichas dos obradoiros de vocabulario, gramática e ortografía. Aínda que os contidos poden combinarse libremente, propoñemos unha organización por trimestres. Neste primeiro trimestre, en comunicación oral, o alumnado mellorará as súas habilidades de expresión e comprensión oral con catro tarefas: pedir información, contar unha experiencia persoal, describir unha persoa e explicar conceptos. No bloque de competencia lectora realizará oito tarefas de comprensión de contos, poemas, unha fábula, un texto descritivo e un anuncio. Nas tarefas de escritura terá que escribir unha nota de aviso, unha carta, unha autobiografía e elaborar unhas fichas de vocabulario. No obradoiro de vocabulario completará fichas sobre o dicionario, sinónimos e antónimos e as palabras polisémicas; no de gramática, sobre o substantivo e o adxectivo, e no de ortografía revisarán as regras que rexen a representación dos sons **K**, **G** (a diérese), **Z** e **R** suave e forte.

2º Trimestre.

Ao igual que no trimestre anterior, o alumnado realizará distintas tarefas de comunicación oral, competencia lectora e escritura, e completará fichas dos obradoiros de vocabulario, gramática e ortografía. Neste segundo trimestre, en comunicación oral, o alumnado mellorará as súas habilidades de expresión e comprensión oral con catro tarefas: contar un chiste, iniciar unha conversa, facer predicións e dar indicacións para chegar a un sitio. No bloque de competencia lectora, realizará oito tarefas de comprensión escrita dun cómic, dous contos, un texto teatral, un poema, unha pantalla de videoxogo, unha noticia e un texto informativo. Nas tarefas de escritura, terá que elaborar un anuncio, escribir un diálogo, inventar o final dun conto e describir un itinerario. No obradoiro de vocabulario completará fichas sobre palabras derivadas, aumentativos e diminutivos e palabras compostas; no de gramática, sobre o artigo, os pronomes persoais e o verbo, e no de ortografía, aprenderá a escribir sen faltas as palabras con b/v, as palabras con h, as palabras con x/s e x/ll.

3º Trimestre.

Para finalizar o curso, en comunicación oral, o alumnado mellorará as súas habilidades de expresión e comprensión oral con catro tarefas: representar un fragmento teatral,

explicar un xogo, dar unha noticia e expresar a súa opinión. No bloque de competencia lectora, realizará catro tarefas de comprensión escrita de dous contos, un poema e un relato mitolóxico. Nas tarefas de escritura, terá que elaborar un cómic, deseñar un catálogo, facer un resumo e escribir unha recensión dunha película. No obradoiro de vocabulario completará fichas sobre xentilicios e familias de palabras; no de gramática, sobre a oración, e no de ortografía, repasará as contraccións do artigo, a partición de palabras, os signos que pechan oracións, a coma e os dous puntos.

4.2. Lingua castelá.

1º Trimestre.

Ao igual que na materia de “lingua galega” o alumnado realizará distintas tarefas de comunicación oral, competencia lectora e escritura, e completará fichas dos obradoiros de vocabulario, gramática e ortografía. Igualmente, aínda que os contidos poden combinarse libremente, propoñemos unha organización por trimestres. Neste primeiro trimestre, en comunicación oral o alumnado mellorará as súas habilidades de expresión e comprensión oral con catro tarefas: contar unha viaxe, pedir información, describir unha vivenda e contar unha anécdota. No bloque de competencia lectora realizará oito tarefas de comprensión escrita de contos, poemas, un texto teatral e un texto informativo. Nas tarefas de escritura terá que describir unha persoa, crear un diálogo, continuar un conto, escribir invitacións, redactar unha biografía e describir obxectos. No taller de vocabulario completará fichas sobre sinónimos e antónimos, e palabras polisémicas e colectivas; en gramática, sobre oracións e palabras, e en ortografía revisará as regras que rixen a representación dos sonidos **k**, **z**, **g** suave, **j** e **r** forte.

2º Trimestre.

Neste segundo trimestre, en comunicación oral o alumnado mellorará as súas habilidades de expresión e comprensión oral con catro tarefas: facer un anuncio, explicar como ir a un lugar, facer unha entrevista e expresar opinións. No bloque de competencia lectora realizará oito tarefas de comprensión escrita dun cartel, tres contos, un cómic, un poema, unha noticia e un texto informativo. Nas tarefas de escritura terá que facer un cartel, escribir unha receita, realizar unha petición, contar unha anécdota, describir unha localidade, contar un conto e escribir un correo electrónico. No taller de vocabulario completará fichas sobre palabras derivadas, aumentativos e diminutivos e palabras compostas; no de gramática, sobre sons e letras, a sílaba, o xénero e número do

substantivo e o artigo, e no de ortografía, aprenderá a escribir sen faltas (**ha e a; hay e ahí**), e traballarán os signos de puntuación, o punto, a coma e os dous puntos.

3º Trimestre.

En comunicación oral o alumnado mellorará as súas habilidades de expresión e comprensión oral con catro tarefas: contar noticias, presentar un espectáculo, explicar como funciona un aparato e recitar un poema. No bloque de competencia lectora realizará sete tarefas de comprensión escrita de tres contos, dous poemas, unha páxina web e un texto de instrucións. Nas tarefas de escritura terá que planificar unha viaxe, escribir unha noticia, describir unha escena, explicar un itinerario, facer viñetas, facer un mural e escribir un conto con diálogos. No taller de vocabulario completará fichas sobre xentilicios familias de palabras; no de gramática, sobre o adxectivo, os pronomes persoais e o verbo, e no de ortografía, repasará palabras con **mb e mp e con hie- e hue-**, palabras terminadas **-y**, adxectivos terminados en **-ivo e -iva**; e aprenderá a escribir sen faltas (**hacer, hablar, haber**).

4.3. Matemáticas.

1º Trimestre.

Durante este trimestre o alumnado vai traballar os números ata o 999.999: descomposición, lectura, escritura e representación, así como a ordenación de números de maior a menor distinguindo o número anterior e posterior e empregando os signos $<$, $>$, $=$. Traballará tamén a descomposición de distintos números en forma de suma. Verá tamén os números ordinais e os números romanos. No ámbito das operacións traballarase a suma de dous e tres sumandos, a resta, operacións combinadas dunha suma e unha resta, de dous restas, a multiplicación como suma de sumandos iguais, os termos da multiplicación e as táboas de multiplicar. Trabállase a resolución de problemas nos que hai que explicar os pasos de resolución do problema, representar datos, elixir operacións, inventar a pregunta, e identificar o dato que falta ou sobra. No apartado de *Xeometría* traballaranse as liñas rectas, curvas, poligonais e mixtas, abertas e pechadas; rectas paralelas e secantes e os segmentos. Por último, interpretará e representará datos de táboas e gráficos.

2º Trimestre.

Durante este trimestre o alumnado vai recoñecer os termos dunha fracción; ler, escribir, interpretar e representar graficamente fraccións. Ademáis, recoñecerá as unidades decimais: décima e centésima e vai descompoñer, ordenar e comparar números decimais

e realizar cálculos con eles. No ámbito das *operacións* traballarase o cálculo mental, calcular multiplicacións e divisións, o dobre, triple, tercio, cuarto e quinto; e sumas e restas con números decimais. No apartado de *xeometría*, ao longo do trimestre vai traballar as liñas rectas, curvas, poligonais e mixtas e os segmentos. Na parte adicada á *medida*, aprenderá o calendario, os reloxos analóxicos e dixitais e a correspondencia entre horas, minutos e segundos. Por último, en *estatística* traballarán con datos de gráficos e táboas e identificarán as coordenadas dun casilleiro.

3º Trimestre.

Durante este trimestre o alumnado vai recoñecer e utilizar as unidades de lonxitude, de capacidade e de masa, así como realizar os cambios dunha unidade de medida a outra aplicando as equivalencias entre elas. Traballaranse tamén as moedas e billetes do sistema monetario e situacións de compra.

4.4. Ciencias naturais.

1º Trimestre.

No primeiro trimestre desenvolveranse dúas unidades didácticas: “A alimentación e a saúde” e “O funcionamento do noso corpo”.

Na primeira unidade o alumnado estudará aspectos relacionados coa alimentación saudable. Identificará os nutrientes dos alimentos e saberá que alimentos os conteñen. Coñecerá en que consiste unha dieta saudable e equilibrada. Aprenderá a interpretar a roda dos alimentos para ter unha dieta equilibrada e a pirámide de alimentación para elixir unha dieta saudable. Recoñecerá os hábitos saudables de alimentación. Recoñecerá a importancia da hixiene e conservación dos alimentos. Coñecerá tamén algúns trastornos alimentarios relacionados coas alerxias e intolerancias e coa mala alimentación. Lembrará os hábitos saudables que deben adoptar para gozar de boa saúde: exercicio físico, postura corporal, hábitos de hixiene e de descanso e lecer, e valorarán a importancia de diversificar as actividades de lecer. A aprendizaxe contextualizarase no traballo final: *Elaboro unha dieta saudable*. O alumnado poderá realizar unha valoración do seu traballo.

Na segunda unidade o alumnado recoñecerá e localizará as partes do corpo que se atopan na cabeza, o tronco e as extremidades. Recoñecerá e explicará os trazos que diferencian a unhas persoas doutras. Aprenderá as características das distintas etapas da vida: infancia, adolescencia, idade adulta e ancianidade. Lembrará os hábitos saudables que deben adoptar para gozar de boa saúde: exercicio físico, postura corporal, hábitos de

hixiene e de descanso e lecer, e valorarán a importancia de diversificar as actividades de lecer. A aprendizaxe contextualizarase no traballo final: *Interpreto e realizo unha gráfica de crecemento*, tarefa coa que o alumnado desenvolverá o seu sentido da iniciativa. A unidade complétase cun traballo cooperativo, no que identificará as técnicas de primeiros auxilios e realizará un experimento para descubrir a graxa dos alimentos. O alumnado poderá realizar unha valoración do seu traballo

2º Trimestre.

No segundo trimestre desenvolveranse tamén dúas unidades didácticas: “Os seres vivos e as súas relacións” e “Clasificación de animais e plantas”.

Na primeira unidade deste segundo trimestre o alumnado estudará os animais e as plantas. Aprenderá as súas funcións vitais: a nutrición e a alimentación, a reprodución e a relación. Recoñecerá as partes das plantas: a raíz, o talo, as follas e as flores e os froitos. Aprenderá as función vitais das plantas: a reprodución, a nutrición e a relación. Estudará os compoñentes dos ecosistemas e diferenciará os seus tipos, así como aprenderá as relacións que se dan entre os seres vivos dentro deles. A aprendizaxe contextualizarase no traballo final: *Debuxo unha planta*. Ao finalizar a unidade poderá realizar unha valoración do seu traballo.

Na segunda unidade o alumnado estudará os animais e as plantas e aprenderá en que consiste o seu estudo e observación. Recoñecerá as características do corpo dos animais vertebrados que fan que se diferencien dos invertebrados. Estudará os grupos de animais vertebrados e invertebrados, prestando especial atención aos animais de Galicia e de Laxe. Estudará as plantas sen flores e as plantas con flores, fixándose tamén nas plantas típicas de Galicia e de Laxe. Coñecerá os instrumentos para observar animais e plantas e saberá como se usan. Aprenderá tamén a facer un caderno de campo. A aprendizaxe contextualizarase no traballo final: *Realizo unha ficha dun animal*. A unidade complétase cun traballo cooperativo sobre o coidado e o respecto a todos os seres vivos.

3º Trimestre.

No terceiro trimestre desenvolveranse outras dúas unidades didácticas: “A materia e os seus cambios” e “A enerxía e as máquinas”.

Na primeira unidade deste terceiro trimestre o alumnado realizará experiencias para comprobar fenómenos relacionados coa materia e as propiedades dos materiais, diferenciando cousas feitas de materia e cousas que non son materia, e o concepto de substancia. Identificará a masa e o volume como propiedades da materia e coñecerá o que se utiliza para medilas. Recoñecerá os estados da materia e os estados da auga. Aprenderá as propiedades de sólidos, líquidos e gases. Identificará tamén substancias

puras e mesturas. A aprendizaxe contextualizarase no traballo final: *Realizo e identifico mesturas*, tarefa coa que o alumnado desenvolverá o seu sentido da iniciativa.

Nesta última unidade, o alumnado estudará a enerxía e as máquinas. Coñecerá as distintas formas de enerxía e explicarán as súas transformacións. Diferenciará as fontes de enerxía renovables das non renovables. Aprenderá a facer un uso responsable da enerxía. Describirá efectos negativos do uso da enerxía, como a contaminación e a produción de residuos. Recoñecerá medidas e accións cotiás que serven para aforrar enerxía. Estudará tamén as máquinas, identificará a enerxía que utiliza e recoñecerá os usos dalgunhas delas. Diferenciará as máquinas sinxelas das complexas e recoñecerá as partes dalgunhas máquinas. Valorará a importancia das máquinas e dos inventos que se fixeron ao longo da historia e explicará como melloraron a vida das persoas. Estudará os avances en medicina, no transporte, no fogar e nas comunicacións. A aprendizaxe contextualizarase no traballo final na que analizarán a evaporación da auga mediante dous experimentos.

4.5. Ciencias sociais.

1º Trimestre.

No primeiro trimestre desenvolveranse dúas unidades didácticas: “Necesitamos a auga e o aire” e “As paisaxes que nos arrodean”.

Na primeira unidade o alumnado estudará a auga e o aire. Lembrará os estados nos que se pode atopar a auga. Recoñecerá os cambios de estado da auga por efecto da calor e ao arrefriarse e explicará e realizará unha experiencia para comprender o ciclo da auga. Tamén falará dos usos que facemos da auga, das medidas para non malgastala e para mantela limpa. Recoñecerá a necesidade do aire para as persoas e os seus compoñentes, e realizará experimentos para comprobar as súas propiedades. Estudará a atmosfera e os fenómenos atmosféricos; diferenciará tempo e clima; identificará os aparellos que se utilizan para a medida do tempo atmosférico e aprenderá como é o clima en distintas zonas. Recoñecerá tamén as causas da contaminación do aire, as accións para evitala e as consecuencias da contaminación. A aprendizaxe contextualizarase no traballo final: *Realizo un experimento coa auga*.

Na segunda unidade o alumnado estudará a paisaxe. Identificará os elementos naturais e os construídos polas persoas e observará os cambios producidos nas paisaxes debido á intervención do ser humano. Estudará as formas do relevo de costa, as formas do relevo do interior diferenciando os elementos do relevo chan e do montañoso. Saberá como se

representa o relevo, interpretará un mapa do relevo e aprenderá como se organiza o relevo de España. Identificará as paisaxes de Galicia e os seus espazos naturais protexidos. Describirá o percorrido dun río desde o seu nacemento ata a súa desembocadura e identificará os seus elementos. A aprendizaxe contextualizarase no traballo final: *Interpreto un mapa*.

2º Trimestre.

No segundo trimestre desenvolveranse tamén dúas unidades didácticas: “O lugar onde vivimos” e “En que traballan as persoas?”.

Na primeira unidade deste segundo trimestre o alumnado estudará as características das aldeas e das vilas, as súas vivendas, a súa poboación e os traballos, e diferenciará os distintos tipos de aldeas e vilas. Estudará tamén as cidades, as súas rúas, a súa poboación e os traballos e identificará as características das distintas zonas dunha cidade. Saberá como é o goberno dun municipio; aprenderá que é, como se forma e como funciona o concello, e coñecerá os servizos municipais. Aprenderá as normas e os sinais de circulación. Coñecerá tamén os dereitos da infancia. A aprendizaxe contextualizarase no traballo final: *Interpreto un gráfico de poboación*.

Na segunda unidade o alumnado estudará os distintos traballos. Clasificará os traballos segundo os sectores aos que pertencen. Coñecerá os traballos do sector primario, a agricultura, a gandaría e a pesca; diferenciará cultivos de secaño e de regadío, diferenciará a gandaría segundo o tipo de gando e o modo de crialo; e distinguirá a pesca de altura e de baixura. Coñecerá tamén os traballos do sector secundario, explicará o traballo nas fábricas, nos obradoiros artesanais e na construción. Clasificará distintos tipos de industria e valorará o seu impacto na paisaxe. Identificará e clasificará os traballos que prestan servizos, observará como transforman a paisaxe e analizará o comercio, o transporte e o turismo; recoñecerá como se produce e comercializa un produto, diferenciará comerciantes por xunto e comerciantes polo miúdo e aprenderá que é o comercio electrónico; clasificará os medios de transporte e valorará a relación do transporte e o turismo.

3º Trimestre.

No terceiro trimestre desenvolveranse outras dúas unidades didácticas: “A terra, un planeta único” e “Somos detectives do pasado”.

Na primeira unidade deste terceiro trimestre o alumnado estudará o planeta Terra. Saberá que astros forman o sistema solar: planetas, satélites e cometas, e estudarán o Sol. Explicará que é a órbita dos planetas e recoñecerá as características de cada un. Recoñecerá o movemento de rotación da Terra, co que comprenderá a sucesión do día e

a noite, e o movemento de translación da Terra para comprender a sucesión das estacións do ano. Identificará as características das estacións do ano. Describirá a Terra tendo en conta a súa posición con respecto ao Sol, a súa forma e as características que permiten que teña vida; tamén identificará o ecuador e os hemisferios, e recoñecerá as capas da Terra. Estudará a Lúa e diferenciará as características da súa cara visible e a súa cara oculta; lembrará os movementos que realiza e as fases lunares.

Nesta última unidade o alumnado aprenderá en que consiste o estudo da historia. Saberá quen investiga o pasado e coñecerá as fontes históricas diferenciando fontes escritas e non escritas. Estudará o paso do tempo; lembrará nocións sobre o paso do tempo e saberá que é a historia persoal. Coñecerá os instrumentos que utilizamos para medir o tempo e diferenciará períodos da historia curtos e longos. Explicará por que se mide o tempo antes e despois de Cristo. Traballará unha liña do tempo, interpretándoa e completándoa. Coñecerá os períodos do pasado, saberá como se organiza a historia e identificará as idades da historia. Recoñecerá as tradicións, os personaxes importantes e os monumentos como recordos que conservamos do pasado; valorará a importancia dos museos. Estudará os trazos principais da vida na Prehistoria, a época romana, a época dos castelos, a Idade Moderna, a época das primeiras fábricas e a actualidade. A aprendizaxe contextualizarase no traballo final: *Obteño información de fotografías*.

5. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, y outros compoñentes sociais e de comportamento que se movilizan conxuntamente para acadar unha acción eficaz. Contémplanse, pois, como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, pódense desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais.

A contribución dos bloques de contido do currículum ao desenvolvemento das competencias clave é transversal.

- Comunicación lingüística (CL): lingua galega, lingua castelá, matemáticas.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT): matemáticas, ciencias naturais e ciencias sociais.
- Competencia dixital (CD): desenvolvida por tódolos bloques de contido do currículum.
- Aprender a aprender (AA): desenvolvida por tódolos bloques de contido.
- Competencias sociais e cívicas (CSC): ciencias sociais e valores sociais e cívicos.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (IE): valores sociais e cívicos.
- Conciencia e expresións culturais (CEC): ciencias sociais, lingua galega e lingua castelá.

6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

6.1. Principios psicopedagóxicos e didácticos

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e as súas motivacións, e identificar os seus esquemas de coñecemento para responder así á súa diversidade.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas e funcionais e promover a actividade e experimentación, sempre cun carácter innovador e próximo.
- Contribuir ao desenvolvemento da capacidade de *aprender a aprender*.
- Dende a participación, favorecer a imaxinación, a investigación e a interacción e cooperación.
- Fomentar a globalización e a inclusión.
- Traballar sempre dende unha avaliación formativa.

6.2. Modelos metodolóxicos

- Modelo discursivo/expositivo: presencial e online, dos materias correspondentes ao 3º curso de primaria da editorial Santillana.
- Modelo experiencial a través do estudo e a exploración da contorna próxima.
- Talleres prácticos para desenvolver os contidos plantexados: uso de biblioteca, laboratorio e aula de informática.
- Aprendizaxe cooperativo.
- Traballo por tarefas.

6.3. Agrupamento do alumnado

Debido as medidas de prevención ante o COVID 19, neste curso 2021/2022, no que xa non é precisa a distancia de seguridade dentro dos grupos estables de convivencia, o agrupamento do alumnado dentro da aula establécese en forma de U, permitindo unha distancia frontal de seguridade entre o alumnado e unha distribución do espazo que permite unha maior ventilación. No obstante, o agrupamento do alumnado variará en función das actividades a desenvolver:

- Gran grupo: actividades de exterior.
- Parellas: aula de informática.

6.4. Organización do espazo

A aula presenta unha excelente iluminación, tanto natural, como artificial e a ventilación conséguese a través de grandes ventanais ao exterior que permanecen abertos constantemente, tal e como se establece no Protocolo COVID 19.

Nos laterais onde non hai ventás nin pizarra, localízanse dous armarios e dous grandes corchos onde se exponen materiais relativos á normativa de prevención do COVID 19 na escola.

Habitualmente, eran moitos os espazos do centro utilizados: a aula informática, a aula de música, a aula de inglés, a biblioteca do centro, a sala de usos múltiples, a aula de convivencia, etc. Todos estes espazos están temporalmente pechados, á espera da mellora da situación sanitaria.

6.5. Organización do tempo

O tempo de cada sesión distribuírse en función dos contidos que se traballen; no obstante, alternarase o traballo en grupo e o individual, adicando unha primeira parte ao recordo do día anterior e revisión de actividades, outra á explicación dos novos contidos e unha última ao traballo individual e/ou en pequeno grupo.

6.6. Recursos

Os recursos educativos empregados habitualmente na miña aula son os seguintes:

- **Recursos didácticos:** láminas motivadoras, carteis temáticos, fotografías, dicionarios, atlas, modelos anatómicos, os libros de texto, cadernos de traballo, fichas, xogos didácticos, libros de lectura, revistas, folletos, caixas de xogos, recursos en liña (blogs, aulas virtuais, tipo Santillana) e AULA VIRTUAL Xunta de Galicia.
- **Recursos materiais:** material funxible (libretas, folios, lápices, bolígrafos, rotuladores, pinturas de madeira, ceras, cartulinas, papel continuo, etc.). Material non funxible (libros, reproductor CD, ordenadores, pizarra dixital e táblet).

A elección e uso dos recursos didácticos relaciónase cos demais elementos do currículo e utilízase atendendo a criterios pedagóxicos como por exemplo, a motivación e o rendimento do alumnado.

Actualmente os recursos didácticos limítanse a aqueles de uso estritamente individual, quedando as paredes moi limitadas en canto a contidos curriculares, sendo substituídos por cartelería relativa á normativa de prevención COVID 19, na escola. Así pois, gañan

protagonismo os recursos didácticos online: apps temáticas, plataformas educativas (Aula Virtual da Xunta de Galicia, Santillana e ClassDojo).

6.7. Tipoloxía de actividades

1. Actividades de introducción, motivación e coñecementos previos.
2. Actividades de desenvolvemento e consolidación.
3. Actividades de síntese-resumo.
4. Actividades de reforzo.
5. Actividades de ampliación.
6. Actividades de avaliación.

7. AVALIACIÓN

Seguindo a normativa vixente, a avaliación será:

- Inicial, a fin de establecer o nivel de coñecemento que permitirá planificar o proceso de ensino/aprendizaxe de xeito realista.
- Continua, global, formativa e integradora de todas as áreas, tendo en conta o progreso do alumnado en todas elas.
- Terá en conta os elementos que compoñen o currículo.
- Será o referente fundamental para valorar o grao de adquisición das competencias básicas.
- Servirá para descubrir as dificultades de aprendizaxe e prever estratexias para a súa recuperación.
- Avaliarase tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de aprendizaxe e a propia práctica docente.

7.1. Procedimentos de avaliación

Observación directa do traballo diario.

Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación.

Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).

Valoración cualitativa do avance individual e colectivo.

7.2. Instrumentos para a avaliación

Avaliación inicial.

Elemento de diagnose: probas para a medición de coñecementos previos.

Avaliación continua.

Avaliación da adquisición de contidos a través das probas correspondentes á unidade.

Avaliación por competencias, proba correspondente á unidade.

Outros documentos gráficos ou textuais.

Intervencións, presenciais e online.

Proxectos personais ou grupais.

Representacións e dramatizacións.

7.3. Sistema de cualificación

Cualificación cuantitativa: nas probas de avaliación de contidos, cada actividade calificarase cun 1 punto se se resolve correctamente. No caso de que a resolución non sexa errónea, pero sexa incompleta ou falte algún elemento esencial, pódese valorar con 0,5 puntos. Así, a cualificación máxima da proba será de 10 puntos. A avaliación inicial calificarase do mesmo modo. Axustarase esta metodoloxía no caso de ter que desenvolverse de forma online a través de cuestionarios e exercicios específicos de carácter cuantitativo.

Cualificación cualitativa: desenvolveranse as probas de avaliación por competencias e, de xeito transversal, aplicarase a observación directa e a análise continua das actividades producidas, tanto de xeito presencial como online.

8. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.

A continuación preséntase unha enumeración de indicadores de logro que permitirán facer unha avaliación cuantitativa e cualitativa do proceso de ensino/aprendizaxe e da práctica docente.

8.1. Indicadores de logro do proceso de ensino.

- Foméntase a cultura da aprendizaxe.
- Téñense expectativas positivas sobre o alumnado e existe unha comunicación fluida para axudarlle a enfrontarse ao desafíos escolares.
- Foméntase a confianza, o respecto, a colaboración e a axuda mutua entre o alumnado. - Desenvólvese un comportamento acorde á normativa escolar no referente ás actitudes que fomentan a armonía social.
- Existe preocupación polo benestar do alumnado.
- Actúase cando se incumpren ou rompen as regras e respóndese de forma proporcionada cando o comportamento do alumnado é contrario ás regras coexistentes. Asimesmo, os comportamentos individuais positivos son valorados e recoñecidos.
- Intervense ante a presenza de actitudes sexistas.
- O espazo físico oriéntase cara as actividades.
- Utilízanse técnicas e estratexias segundo os diferentes estilos de aprendizaxe e necesidades do alumnado.
- Valórase a participación e os logros do alumnado.
- Recóllense datos sobre o progreso do alumnado e interprétanse para supervisar a aprendizaxe e introducir as modificacións necesarias.
- Colabórase con outros profesionais que se preocupan polo benestar dos nenos e nenas, así como pola súa saúde e a súa educación non formal.

8.2. Indicadores de logro da práctica docente.

- Úsase o coñecemento sobre os contidos e as estratexias pedagóxicas para axustar as unidades didácticas ao plantexamento e as necesidades do alumnado.
- Céntrase a actividade da aula nos obxectivos das unidades didácticas.
- Cámbiase a distribución da aula para asegurar unha maior implicación e participación do alumnado.

- Séguese o plan paso a paso, pero con flexibilidade, resiliencia e entusiasmo.
- Comunícase claramente e con precisión para animar a todo o alumnado, apoiar a aprendizaxe dos/as nenos/as e recoñecer o seu esforzo.
- Ofrécense explicacións, fórmulanse preguntas e provócanse debates e reflexións.
- Úsanse a linguaxe verbal e non verbal de forma competente.
- Créanse oportunidades para que o alumnado se comunique.
- Recoñécense as necesidades emocionais do alumnado.
- Actúase cando hai confusión ou falta de interés.
- Ofrécense múltiples opcións para garantir a comprensión.
- Xéranse situacións nas que o coñecemento pódese aplicar para axudar ao alumnado a desenvolver competencias.
- Participación nas actividades da administración da escola.
- Participase na coordinación de comisións con outros/as docentes, compártese información útil para outras figuras do persoal docente.
- Participase en eventos sociais e culturais da escola dirixidos ás familias, tales como festivais, charlas para familias e outros.

9. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

A continuación preséntanse unha serie de indicadores orientados a avaliar a presente programación.

- O coñecemento sobre a asignatura e o contenido relacionado coa pedagogía amósanse na planificación.
- A planificación contén obxectivos realistas e acadables.
- A programación ten en conta a orixe do alumnado, os seus intereses e as posibles necesidades educativas especiais.
- O deseño das actividades é coherente para acadar os obxectivos educativos. As unidades didácticas propoñen diferentes tipos de agrupacións e interaccións; actividades para levarse a cabo individualmente, en parella, en grupos pequenos e en grupos grandes.
- A programación inclúe algunhas actividades de reforzo e actividades de ampliación.
- A programación fomenta o uso de múltiples recursos, entre eles, as TIC.
- A programación inclúe criterios de avaliación, procedementos e actividades para avaliar a aprendizaxe do alumnado.

10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A atención á diversidade establécese como principio fundamental que debe rexir toda a ensinanza básica. Na Educación Primaria, ponse o énfase na atención á diversidade do alumnado e na prevención das dificultades de aprendizaxe.

O axuste á realidade do alumnado levarase a cabo a través dunha metodoloxía de traballo inclusiva e normalizadora que respetará niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, así coma os intereses e motivacións, tanto individuais coma grupais.

10.1. Valoración inicial e vías de actuación.

Co obxecto de axustarnos o máximo posible á realidade do noso alumnado, acordamos realizar unha valoración das súas características segundo os seguintes parámetros:

Que valorar:

- Rendemento do/a alumno/a no curso anterior.
- Personalidade.
- Afeccións e intereses.
- Situación económica e cultural da familia.

Como obter a información:

- Informes de titores/as anteriores.
- Cuestionario previo ao alumnado.
- Entrevista individual.
- Entrevista coa familia.

Deste xeito, o centro prevé distintas vías de resposta ante o amplo abano de capacidades, estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses do alumnado.

10.2. Atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Actualmente na aula non hai ningún neno ou nena que presente necesidades específicas de apoio educativo no tratamento dos obxectivos e contidos curriculares, máis aló das diferentes necesidades que poden requirir como resultado da súa individualidade. Únicamente, cabería destacar a presenza de dous alumnos que repiten o curso e aos que se lles fará un seguimento máis meticuloso do seu rendemento.

Por outro lado, é importante destacar a presenza dun caso de “transtorno de conducta negativista desafiante”, que require unha atención moi específica, que está coordinada pola orientadora, a titora, a mestra de pedagogía terapéutica, a mestra de audición e linguaxe e o coidador. O alumno en cuestión presenta episodios moi violentos que requiren a presenza continua dun coidador e que condicionan en gran medida o seu proceso de aprendizaxe. Neste senso é moi importante sinalar que a presenza do coidador na aula está planificada só para mércores, xoves e venres, o que condicona notablemente o proceso de ensino/aprendizaxe e a súa saúde escolar, así como a da súa aula. Este neno, aínda que non ten adaptados os obxectivos e contidos curriculares, si que require, unha temporalización adaptada á súa conduta. Así pois, a metodoloxía e temporalización da súa actividade educativa é moi variable, sempre na procura de recursos e estímulos innovadores que modifiquen a súa conduta dun xeito positivo.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

As actividades *complementarias e extraescolares*, xogaban un papel moi importante na adquisición e consolidación dos coñecementos. Actualmente esta tipoloxía de actividades quedou limitada e en moitos casos paralizada, como medida preventiva para frear o COVID 19.

11.1. Primeiro Trimestre.

- 25 Novembro: Inclue-T (Contratos Programa).
- Participación activa non mural exterior “Laura Tova”.
- Concurso literario Samaín “Relatos de Terror”.
- Visita online do Apalpador.

11.2. Segundo Trimestre.

- Conmemoración Día da Paz cunha exposición de símbolos de paz.
- Conmemoración do Día de Rosalía: decórase o centro con retratos da escritora e traballamos con seus relatos.
- Celébrase o Entroido.
- Celebramos o “Día da Muller”: Inclúe-T (Contratos Programa).

11.3. Terceiro Trimestre.

- Conmemoración “Día do Libro” coa elaboración de marcapáxinas.
- Concurso literario “Letras Galegas”.
- Coidamos a contorna próximas: limpeza da praia de Laxe.
- Andaina pola localidade e visita biblioteca municipal “Antón Zapata”.

12. REFERENCIAS NORMATIVAS.

- Lei Orgánica da Mellora da Calidade Educativa.
- Lei Orgánica de Educación.
- Lei Orgánica reguladora do Dereito á Educación.
- Real Decreto 1513/2006, do 7 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas da educación primaria (BOE 08/12/2006).
- Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 30/11/2007).
- Real Decreto 132/2010, de 12 de febrero, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.
- Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e regula o Observatorio Galego da convivencia escolar (DOG 08/05/2007).

13. ADDENDA: ADAPTACIÓN COVID-19

OBXECTIVOS DESTA ADDENDA

Os obxectivos desta addenda, resultado da pandemia mundial provocada polo COVID 19 son os seguintes:

- Adaptar esta programación didáctica, deseñada para o ensino presencial, á situación de pandemia coa finalidade de continuar co seu desenvolvemento no caso de ter que recurrir ao ensino non presencial.
- Recuperar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020, así como planificar a transición ao ensino non presencial, se esta fose necesaria.
- Reforzar partindo dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 2020/2021 e da avaliación inicial, os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior.
- Establecer medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado, tanto a nivel presencial como a distancia.

ANÁLISE E VALORACIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES.

Dos informes individualizados do curso 2020/2021 dedúcese que se traballaron tódolos contidos programados.

ANÁLISE E VALORACIÓN DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN INICIAL DAS DIFERENTES ÁREAS DO CURRÍCULUM COA FINALIDADE DE DETECTAR AS CARENCIAS E NECESIDADES DO ALUMNADO.

Dos datos obtidos da avaliación inicial pódense constatar as dificultades que amosa o alumnado cada ano despois dun periodo estival de varios meses. O nivel no que se atopa este alumnado (3º de educación primaria) fai que sexa sinxelo recuperar rutinas e contidos estruturais xa afianzados no curso pasado: lectoescritura, comprensión e cálculo.

INCORPORACIÓN DAS APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS Á PROGRAMACIÓN DO CURSO 2020/2021

Non se modifican ningún dos obxectivos das diferentes áreas do currículo, así como ningunha das competencias clave.

ADAPTACIÓNS NECESARIAS Á DOCENCIA NON PRESENCIAL

METODOLOXÍA EN CASO DE SUSPENSIÓN DAS CLASES PRESENCIAIS (MODALIDADE DE ENSINO TELEMÁTICO)

A docencia realizarase a través de tres plataformas educativas, que se alternarán en función do contido a traballar e dos/as destinatarios/as do contido (familias ou alumnado):

- Aula Virtual deste curso na que está matriculado todo o alumnado. O uso desta plataforma é obrigatorio para o nivel de 3º de primaria, resultando pouco operativo para o alumnado desta idade posto que aínda non manexa a fluidez suficiente para facer un uso autónomo do recurso. Así pois, serán as familias as que se encarguen de dinamizar o traballo que se colgue neste espazo online.
- Cisco Webex Meetings permitirame estar en contacto co alumnado e coas familias de xeito periódico e en tempo real sempre que sexa preciso.
- A aula virtual de Santillana (editorial coa que traballa o centro para os libros de texto) amosa unha presentación e organización dos contidos das diferentes áreas do currículo moi familiares para o alumnado, ademáis de ofrecer un espazo individual para cada alumno/a no que traballar e un espazo colectivo no que interaccionar entre a clase e co profesor/a. A tipoloxía de actividades deste espazo vense utilizando a través da pizarra dixital no centro nos periodos presenciais.
- A plataforma educativa Class Dojo, coa que o centro leva traballando dende fai varios anos, permite un contacto continuo coas familias (xa acostumadas a este formato) tanto a través do muro, do portfolio como a través do servizo de mensaxería. Ao igual que no caso anterior o Class Dojo amósase atractivo e intuitivo para o alumnado desta idade.
- Por suposto, farase un seguimento telefónico regular para comprobar a evolución e as posibles necesidades do alumnado e das familias.
- Xa por último, empregarase a plataforma Abalar para facer comunicacións oficiais.

Todas estas ferramentas permiten a programación de contidos e actividades e a avaliación individualizada de cada alumno/a.

METODOLOXÍA EN CASO DE ATENCIÓN A ALUMNADO EN CORENTENA (MODALIDADE ENSINO MIXTO)

Nestes casos empregaranse as ferramentas:

- Plataforma Class Dojo, coa que as familias están en contacto dende hai varios anos co profesorado.

- Seguimento telefónico regular para comprobar a evolución e as posibles necesidades do alumnado e das familias.

MODO DE PROVEER O DEREITO Á EDUCACIÓN AO ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR A ENSINANZA TELEMÁTICA.

Todo o alumnado deste nivel ten acceso a internet e dispón de equipos axeitados para conectarse de xeito eficiente ao ensino telemático, tendo sempre en conta que o nivel de conectividade do entorno rural é limitado.

MECANISMOS QUE O PROFESORADO ADOPTARÁ PARA ASEGURAR O SEGUIMENTO CONTINUO DO CURSO POLO ALUMNADO.

No caso de suspensión da actividade lectiva para todo o grupo controlarase diariamente o acceso e actividade de cada alumno/a nas diferentes ferramentas metodolóxicas mencionadas: Aula Virtual e Class Dojo.

14. SOLICITAR ANEXOS: SECUENCIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS POR ÁREA.

